

O DELITO DE TRÁFICO DE DROGAS

BRUNO BERNARDO CASTELO VARGAS
Estudante do Grao en Dereito
Universidade de Santiago de Compostela

Sumario: 1. Evolución histórica. 2. Análise xurídico-penal do delito de tráfico de drogas. 3. O ben xurídico protexido: a saúde pública. 4. Natureza xurídica: o tráfico de drogas como delito de perigo abstracto. 5. Obxecto material. 6. Tipo básico: conduta típica. 7. Tipo básico: tipo subxectivo. 8. Tipo básico: penalidade. 9. As cualificacións de primeiro grao: o artigo 369 do Código Penal. 10. O artigo 369 bis do Código Penal. 11. As cualificacións de segundo grao: o artigo 370 do Código Penal. 12. A procura da frustración do proceso produtivo: o delito de tráfico de precursores do artigo 371 do Código Penal. 13. As inhabilitacións especiais e absolutas en materia de narcotráfico (artigo 372 C.P.). 14. Os actos de participación intentada: o artigo 373 C.P. 15. O comiso no delito de tráfico de drogas (artigo 374 C.P.). 16. A reincidencia internacional: o artigo 375 do C.P. 17. A atenuación da pena para colaboradores e drogodependentes: o artigo 376 C.P. 18. As consecuencias económicas do delito de tráfico de drogas: os artigos 377 e 378. 19. O eterno debate: legalización ou prohibición?. 20. Bibliografía.

Resumo: Para abordar o estudo do delito de tráfico de drogas este artigo comeza cunha breve introdución de carácter histórico, para logo analizar o aspecto xurídico-penal do fenómeno e, por último, facer referencia ó perpetuo debate acerca da súa liberalización normativa.

Palabras clave: Tráfico de drogas, evolución histórica, configuración legal, legalización.

Abstract: This paper starts its study of drug trafficking with a brief historical introduction, and later it analyzes its legal implications, ending with a reference to the eternal discussion about its legalization.

Key words: Drug trafficking, historical evolution, legal regulation, legalization.

1. Evolución histórica

O tráfico de estupefacientes é sen dúbida un dos problemas máis acuciantes da sociedade contemporánea, non só polo tremendo dano que provoca ós drogodependentes senón tamén pola ameaza que representa para a saúde pública. A dependencia das drogas é, hoxe en día, un dos factores criminóxicos máis relevantes, e o negocio do narcotráfico é un dos máis proveitosos do mercado negro.

Porén, este fenómeno non foi sempre abordado pola sociedade dende unha perspectiva de control institucional, pois naceu ligado ó mundo da feiticaría e o místico. O profesor Beltrán Ballester¹ remonta ós textos de Plinio e Estrabón as

¹ BELTRÁN BALLESTER, E. "El tráfico y consumo de drogas tóxicas y estupefacientes en la legislación histórica española" en V.V.A.A. (Manuel Cobo del Rosal, coord.), "Delitos contra

primeiras probas documentais do emprego recreativo das substancias psicotrópicas no noso país, uso que dataría de época prerromana. Tamén se empregaban estes compostos en cerimonias de adiviñación, que perdurarían ó longo da época visigoda a pesar dos mellores esforzos do cristianismo por erradicalas por consideralas pagás; intentos que se materializarían na reprobación de tales prácticas polo Concilio XVII de Toledo e o Liber Iudiciorum.

Durante a Idade Media a atribución de propiedades máxicas a certos produtos vexetais non desapareceu, sendo utilizada, en palabras de Beltrán Ballester² por "mans desaprensivas que, pretendendo explotar a ignorancia das xentes, se aproveitaron deles para, prometendo milagrosas curacións, logros de praceres inconfesables, males ós inimigos e mil alburgadas máis, conseguir do vulgo pingües beneficios". A persecución que se desatou contra estas prácticas se basearía máis no seu carácter herético que nos prexuizos que as substancias en si causaban á saúde.

Na Idade Moderna, o misticismo relacionado con drogas alucinóxenas seguiu moi vivo, enriquecéndose aínda máis coas novas substancias importadas das Américas.

É na Idade Contemporánea cando se empeza a enfocar o fenómeno das drogas dun modo científico, pois a luz da Ilustración contribuíu notablemente a despexar as brumas da feiticaría e a superstición. A pesar dos coñecementos empíricos obtidos ó longo do século XIX acerca da natureza e os efectos de tan nocivas sustancias "se comproba unha total ausencia de reacciones sociais, tanto por parte do poder público como por parte da opinión pública"³. A regulación administrativa decimonónica centrouse máis ben na prevención do intrusismo profesional, como demostran as Ordenanzas de Farmacia de 1800 e 1860.

O Código Penal de 1822 non penaba o delito de tráfico de drogas tal e como o entendemos hoxe en día, se ben castigaba o despacho de medicinas e fármacos sen receita no seu artigo 366, no marco dos delitos contra a saúde pública. Non é ata o Código de 1848 cando, en palabras da Dra. Molina Mansilla⁴, se describe unha "acción típica parcialmente comparable coa contida no art. 368 do Código Penal de 1995" nos artigos 246, 247 e 249. O 246 introduce o concepto de "substancia nociva para a saúde", terminoloxía que sería utilizada polos sucesivos Códigos decimonónicos. Encontramos xa nestas primeiras regulacións unha certa indefinición ó respecto do obxecto material do delito, característica que pervivirá ata a actual redacción do Código Penal. Os textos de 1850 e 1870 non modificarían a tipificación do delito.

Como pode verse, a ofensa castigada na lexislación penal decimonónica non era tanto un ilícito de tráfico de drogas como un xenérico contra a saúde pública, pois se enfocaba máis ós "estragos" que puidera causar a distribución das substancias e

la salud pública. Tráfico ilegal de drogas tóxicas o estupefacientes" Colección de Estudios del Instituto de Criminología y Departamento de Derecho Penal de la Universidad de Valencia, 1977, P. 29.

²*Ibidem*, P. 32.

³ PRIETO RODRÍGUEZ, J.I. "El delito de tráfico y el consumo de drogas en el ordenamiento jurídico penal español", Ed. Aranzadi, 1993, P. 19.

⁴ MOLINA MANSILLA, M^a del C. "Evolución de la normativa española en materia de tráfico de drogas durante el siglo XIX" en "Anuario de la Facultad de Derecho", publicación electrónica, 2006, P. 188.

foi previsto como unha forma de deter o intrusismo profesional e as malas prácticas no ámbito da Farmacia, non considerándose na época o tráfico de estupefacientes unha ameaza específica e grave contra a saúde pública.

O Código Penal de 1928 non aportou senón meros retoques de carácter penolóxico á regulación anterior, se ben introduciu unha agravante para o caso de que o tráfico tivese como obxecto drogas tóxicas ou estupefacientes (art. 558, parágrafo 2º), agravante que foi omitida no Código de 1932 e reintroducida de novo no de 1944.

A reforma do mesmo efectuada en 1963 introduciu a novidade da falsificación ou adulteración de medicamentos. Non é senón ata a Lei 44/1971 cando aparece, como consecuencia da ratificación por parte de España da Convención Única de 1961 sobre Estupefacientes, unha redacción do tipo penal máis aproximada á vixente hoxe en día, introducíndose a conduta típica de cultivo, elaboración e tráfico. A reforma de 1971 buscaba criminalizar todo o ciclo de produción e distribución das substancias obxecto deste artigo, o cal se convertería en característica típica da política criminal española actual respecto ó tráfico de drogas. Innovou tamén esta reforma na introdución da persecución penal a aqueles "que doutro modo promovan, favorezan o facilitaren o uso"⁵, que aínda se mantén.

O 25 de xuño de 1983 aprobouse unha nova reforma deste precepto, principalmente porque este adoeecía de falta de certeza, ó recoller un marco penal desproporcionadamente amplo deixando un excesivo arbitrio ó xulgador, e de proporcionalidade, ó non ter en conta a nocividade da substancia obxecto do delito nin a condición de adicto do suxeito activo.

A xuízo de Arana Berastegui⁶, "as características principais da reforma de 1983 foron: unha delimitación máis adecuada das condutas prohibidas, diferenciación entre substancias que causen grave dano á saúde e as que non, determinación legal das agravantes e a incorporación dos psicotrópicos como obxecto material del delito".

O 24 de marzo de 1988 aprobaríase unha nova reforma do 344 C.P., que ampliou o tipo penal e introduciu por fin a combinación de pena de privación de liberdade e de oferta de tratamento para os drogodependentes.

Só catro anos despois, en 1992, reformaríase de novo este precepto por influencia da Convención de Viena de 1988 e da Directiva comunitaria 308/91, introducindo a figura do tráfico de precursores.

Co Código de 1995 tipificación do delito que estamos a tratar trasladouse ó artigo 368, no que se atopa agora. Aproveitou o lexislador para ampliar notablemente as penas asociadas ó tráfico de drogas, de tal modo que "nos supostos de agravantes de segundo grao a pena pode chegar a superar, nalgúns casos, os vinte anos"⁷. Aínda que foi unha reforma de claro carácter represivo, o Código fíxose eco da realidade referente ós terribles efectos psicolóxicos que a adicción pode desencadear no drogodependente, previndo a eximente por intoxicación de drogas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas. Tamén, para axudar a desmantelar as organizacións crimiais creou o atenuante por delación.

⁵ Artigo 368 da LO 10/1995, do 5 de novembro.

⁶ ARANA BERAESTEGUI, X. "Drogas, legislaciones y alternativas", Ed. Gakoa, 2012, P. 109 e 110.

⁷ ARANA BERAESTEGUI, X., *op. cit.* P.139.

Na reforma de 2003 incidírase na rehabilitación do toxicómano coa actualización do artigo 87 C.P. e se engadirían novas agravantes, como a exhibición de armas, e iniciouse a persecución das persoas xurídicas que servían como tapadeira para as operacións dos narcotraficantes.

No ano 2010 reformaríase por última vez o Código Penal en materia de tráfico de drogas, modificación que significou unha mellor determinación do marco penal e que veu imposta polas esixencias de Unión Europea.

2. Análise xurídico-penal do delito de tráfico de drogas

No apartado anterior puidemos ver como o fenómeno do narcotráfico foi paulatinamente gañando protagonismo na política criminal do noso país, e sempre en termos de represión, aínda que recentemente intuíanse resquicios de humanidade respecto á terrible situación dos drogodependentes. Muñoz Conde tacha de "represiva" a configuración do Código Penal nesta materia, afirmando que "incide fundamentalmente nas clases sociais marxinais, que se ven abocadas a recorrer ó tráfico a pequena escala como alternativa á pobreza"⁸.

A necesidade de abarcar un espectro de condutas amplísimo, referido a unha case inesgotable cantidade de substancias cualificables como "droga" que teñen efectos moi diversos sobre a saúde humana, dota á regulación penal dunha ambigüidade excesiva, a tal punto que a sitúa na fronteira do principio de legalidade. Esta indefinición da conduta punible deu lugar a feroces debates doutrinais e numerosas interpretacións xurisprudenciais, e é considerada como un dos maiores problemas da redacción actual do tipo.

3. O ben xurídico protexido: a saúde pública

Dende unha perspectiva sistemática, os artigos 368 e ss. atópanse no Capítulo III do Título XVII do Libro II do Código Penal, o que os coloca en sede de delitos contra a saúde pública e dentro dos delitos contra a seguridade colectiva.

A saúde pública é un concepto de difícil determinación, que se traduce na "existencia de determinadas condicións que favorezan o benestar social", entendéndose como "algo máis que a suma da saúde persoal de cada un"⁹ (Sequeros Sazatornil, 2000, cfr. páx. 54) e que se recolle no artigo 43 da Constitución, cuxo apartado 2 se erixe en fundamento último da prohibición penal nesta materia. Os danos que causa a droga non afectan só ós drogodependentes, senón que producen tamén outros fenómenos colaterais. Así, en palabras de Sánchez Tomás¹⁰, produce un "impacto económico sobre os sistemas asistenciais sanitarios, (...) risco para o conxunto social e para persoas non implicadas no consumo destas substancias" e "asociación doutros problemas sanitarios individuais e xerais para determinados patróns de consumo, como a vía parenteral, que

⁸ MUÑOZ CONDE, F. "Derecho Penal, parte especial", Ed. Tirant lo Blanch, 2013, P. 618.

⁹ SEQUEROS SAZATORNIL, F. "El tráfico de drogas ante el ordenamiento jurídico", Ed. La Ley, 2000, P. 54.

¹⁰ SÁNCHEZ TOMÁS, J.M. "Derecho de las drogas y las drogodependencias, Ed. FAD (Fundación de Ayuda contra la Drogadicción), 2002, P. 47.

supoñen unha das principais causas da transmisión de enfermidades como a hepatitis B e o sida.”

Aínda que hoxe en día a doutrina acepta pacificamente que o delito obxecto de este traballo ataca á saúde pública certos autores avogaron no seu momento por considerar a liberdade como ben xurídico protexido, aducindo que o síndrome de abstinencia nubla a vontade do dependente e anula a súa liberdade. Porén, como explica Prieto Rodríguez¹¹ “efectos tan intensos só son predicables respecto a aquelas substancias que crean dependencia física ou drogadicción, (...) e non respecto a toda substancia incluíble no concepto de droga”.

Tamén houbo correntes doutrinarias que procuraron o fundamento da persecución do tráfico de drogas nos intereses fiscais do Estado, por considerarse que as drogas teñen carácter de bens ou produtos estancos (art. 1.1 da Lei Orgánica 7/1982), se ben, como di o autor antes citado¹² “o artigo 344 C.P. (hoxe 368) non protexe os intereses fiscais ou o dereito de intervención do Estado, aínda que evidentemente reforza seu cumprimento. Aquela protección a dispensa precisamente unha lexislación específica”.

A seguridade colectiva tamén debe ser rexeitada como fundamento único da regulación penal en materia de drogas, xa que, aínda que é palmario que algunhas substancias provocan nos seus consumidores comportamentos incontrolables e perigosos, non todas as drogas teñen eses efectos, o que obrigaría, en boa aplicación do principio de lesividade, a excluír ditos preparados da persecución estatal.

4. Natureza xurídica: o tráfico de drogas como delito de perigo abstracto

O tráfico de drogas é un delito de perigo abstracto, dado que o obxectivo da tipificación de condutas contrarias á saúde pública é “protexer ó colectivo social dun mal potencial”¹³. Por iso adiantase a barreira de protección, resultando que o delito que estamos a tratar sexa de consumación anticipada. Para ese adiantamento da protección requírense, en opinión de Molina Mansilla¹⁴ “dúas circunstancias: a finalidade de difusión (...) e que a substancia teña aptitude obxectiva para danar a saúde, en función da cantidade e do grao de pureza”.

O feito de que sexa unha ofensa de consumación anticipada non impide que se admita a tentativa “cando o suxeito intentou acadar a tenencia destinada ó tráfico realizando accións próximas á súa obtención, se dita tenencia non se logra por razóns alleas á vontade do autor”.¹⁵

5. Obxecto material

Para comprender o artigo 368 é necesario determinar primeiro o obxecto material do delito, é dicir, dar sentido xurídico-penal inequívoco á expresión que emprega o lexislador: “droga tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas”. A Lei

¹¹ PRIETO RODRÍGUEZ, J.I. *op. cit.*, P. 217.

¹² *Íbidem*, P. 218.

¹³ SEQUEROS SAZATORNIL, F. *op. cit.*, P. 70.

¹⁴ MOLINA MANSILLA, M^a del C. “El delito de narcotráfico”, Ed. Bosch, 2008, P. 44.

¹⁵ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, sobre a STS 362/2001, de 6 de maio, P.624.

penal non da resposta clarificadora algunha, "o que xera unha gran inseguridade xurídica respecto á carencia de criterios seguros que definan este concepto a efectos penais, por non falar da falta de distinción entre substancias que causan grave dano á saúde e as que non o causan"¹⁶. Muñoz Conde¹⁷ propugna a creación legal dun "concepto penal de droga", á par que lembra a necesidade de evitar "o automatismo con que se considera reiteradamente que algunhas substancias teñen este carácter (de droga tóxica ou estupefaciente) simplemente pola súa inclusión nos Convenios internacionais, sen ter en conta as particularidades do caso concreto nin o ben xurídico protexido neste delito". O mesmo autor resalta a necesidade de dito concepto¹⁸ "á hora de interpretar cales son as substancias que causan grave dano á saúde e cales non".

Granados Pérez¹⁹ interpreta que para determinar o concepto de "droga" o Código Penal realiza unha "remisión ás normas do ordenamento xurídico internacional representado, substancialmente, polo Convenio Único de Nacións Unidas, feito en Nova York o 30 de marzo de 1961, sobre estupefacientes, que os define como aquelas substancias naturais ou sintéticas incluídas nas Listas Anexas ó citado Convenio e ó Convenio sobre substancias psicotrópicas, feito en Viena o 21 de febreiro de 1971."

6. Tipo básico: conduta típica

O artigo 368 C.P. castiga "ós que executen actos de cultivo, elaboración ou tráfico, ou de outro modo promovan, favorezan ou faciliten o consumo ilegal de drogas tóxicas (...) ou as posúan para aqueles fins". A xuízo de Muñoz Conde²⁰ esta redacción amplía "desmesuradamente" o ámbito dos comportamentos prohibidos. Na mesma liña, Arana Berastegui²¹ critica a expresión "ou de outro modo" pola "ampliación desmesurada do tipo penal" que leva a cabo. Molina Mansilla²² considera que "a redacción do precepto fai que o tipo penal sexa extraordinariamente aberto".

Tal amplitude á hora de fixar a conduta punible arroxa serias dúbidas sobre o respecto do principio de tipicidade por parte da redacción actual do artigo 368 C.P., aínda que é comprensible dende unha perspectiva teleolóxica, ó ser necesaria unha certa amplitude normativa para poder perseguir a totalidade das condutas englobadas nese abominable negocio que é o narcotráfico.

A pesar de que o obxectivo da ambigüidade é aumentar a eficacia da represión penal das condutas favorecedoras do consumo de drogas, Muñoz Conde tilda de contraproducente tal omnicomprensividade por considerar que devén nunha "maior permisibilidade social de comportamentos en si típicos, pero que son frecuentes en moitas zonas das grandes cidades sen que se produzan intervencións importantes da policía, salvo en casos de redadas espectaculares (...), que producen máis un

¹⁶ MOLINA MANSILLA, M^a del C. *op. cit.*, P. 46.

¹⁷ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 620.

¹⁸ *Íbidem*, P. 621.

¹⁹ GRANADOS PÉREZ, C. "Jurisprudencia del Tribunal Supremo sobre el delito de tráfico de drogas", Ed. La Ley, 2007, P. 29.

²⁰ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 619.

²¹ ARANA BERAESTEGUI, X. *op. cit.*, P. 138.

²² MOLINA MANSILLA, M^a del C. *op. cit.* P. 71

efecto propagandístico da actuación policial que unha diminución efectiva do problema”²³ Pero non todas as voces doutrinais critican esta redacción ampla. Sequeros Sazatornil²⁴ considéraa “acertada”, pois “difícilmente calquera actividade humana con proxección exterior pode eludir o seu radio de comprensión”.

Sánchez Tomás²⁵ interpreta a conduta típica como un conxunto de actos que orbitan en torno a un “núcleo central” que é “a promoción, favorecemento ou facilitación do consumo ilegal, sendo os actos de cultivo, elaboración ou tráfico formas de levar a cabo este núcleo”. Tal reflexión parece acertada, pois a saúde pública non se ve afectada meramente polo cultivo ou a obtención de drogas tóxicas senón polo destino destas ó consumo, adiantándose a barreira de protección pola natureza do tráfico de drogas como delito de perigo potencial.

Para delimitar o ámbito de aplicación do precepto penal, este autor considera que a expresión “de outro modo”²⁶ debe comprender só as condutas de relevancia semellante á dos actos de cultivo, elaboración ou tráfico.

A efectos de ordenar todas estas condutas, moi numerosas e diversas, Molina Mansilla fainas coincidir coas fases dun proceso produtivo, que comezaría coa obtención do produto (cultivo e preparación) e finalizaría coa súa comercialización. Neste proceso, analizando unha STS de 3 de abril de 1997, a citada autora descobre “dúas fases no proceso do tráfico ilegal de drogas (...) fase interna, na que se realizan os procedementos de cultivo, integrados por unha serie de actividades de carácter agrícola, e procesos de elaboración, que contén un conxunto de actividades de carácter industrial, consistentes na extracción de sustancias tóxicas ou na síntese das mesmas nun laboratorio” e “fase externa, de posta en circulación no mercado dos produtos elaborados”²⁷.

Os actos de cultivo coincidirían coa plantación e a recolección das plantas das que se obteñen as sustancias tóxicas, mentres que os de elaboración comprenderían as condutas de transformación das materias primas para a obtención do produto comercializable. Os actos de tráfico son os destinados á comercialización, incluíndose a doazón no seu ámbito pero quedando fóra do mesmo o consumo “en grupo”. Os actos de difusión van máis aló, pois non só buscan facer circular a droga senón “ampliar o seu mercado”, é dicir, promover, facilitar ou favorecer o consumo de sustancias tóxicas ampliando o número de consumidores e o seu volume de consumo.

A “posesión con aqueles fins” á que fai referencia o artigo 368 C.P. determínase casuisticamente en función da cantidade de droga en poder do sospeitoso, en relación cos seus medios económicos e co consumo medio por persoa, e tamén coa forma da posesión, sendo a xurisprudencia a que establece as cantidades que se utilizan como baremo. A esixencia dun elemento intencional respecto á posesión ten o obxectivo de facer efectiva a atipicidade do consumo propio, xa que difícilmente poderá un adicto consumir se é castigado pola mera posesión da substancia.

²³ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 623.

²⁴ SEQUEROS SAZATORNIL, F. *op. cit.*, P. 96.

²⁵ SÁNCHEZ TOMÁS, J.M. *op.cit.*, P. 115.

²⁶ *Íbidem*, P. 116.

²⁷ MOLINA MANSILLA, M^a del C. *op. cit.*, P. 75.

7. Tipo básico: tipo subxectivo

Partindo da base de que non está prevista a comisión por imprudencia, hai que determinar como debe impregnar o dolo as condutas típicas para que os actos nelas previstos sexan punibles. Di Sequeros Sazatornil que é necesario "que concorran no suxeito infractor dous elementos consubstanciais na comisión do delito. Primeiro: a conciencia non viciada do carácter nocivo da substancia obxecto de tráfico; segundo: a intención de promover, favorecer ou facilitar o consumo ilegal de terceiros alleos á acción que se desenvolve."²⁸ No mesmo sentido, Rodríguez Núñez ve necesario que todas as condutas tipificadas polo artigo 368 estean presididas polo "ánimo de executar actos que favorezan ou faciliten o consumo de terceiros".²⁹

A STS 1379/2004, de 24 de novembro, declara que "o delito contra a saúde pública do artigo 368 do Código Penal esixe para a súa existencia un elemento subxectivo consistente no coñecemento de que o que constitúe o obxecto material da acción típica é precisamente droga".

8. Tipo básico: penalidade

Á hora de impoñer a pena do tipo básico o Código distingue en función do obxecto material do delito: se a substancia causa grave dano á saúde impoñeráse unha pena de prisión de tres a seis anos, con multa do tanto do triplo do valor da droga, mentres que se se trata dun produto menos nocivo o castigo redúcese a un marco de entre un e tres anos de privación de liberdade e unha multa do tanto ó duplo.

Na reforma de 2010 introduciuse a posibilidade de que os tribunais poidan impoñer a pena inferior en grao ás sinaladas en función da escasa entidade dos feitos e da situación persoal do culpable, modificación moi necesaria por motivos de xustiza material e que permite unha alternativa á dureza das penas previstas e unha mellor concreción do castigo en atención á gravidade relativa da conduta en concreto respecto da pléiade de actos que conforma o tipo penal. Tal moderación da pena non poderá levarse a cabo se concorren as circunstancias dos artigos 369 e 370.

9. As cualificacións de primeiro grao: o artigo 369 do Código Penal

O artigo 369 C.P. prevé oito circunstancias agravantes da responsabilidade penal, que resultan na aplicación da pena superior en grao á prevista para o tipo básico e que Muñoz Conde clasifica en cinco grupos³⁰:

1. Por razón do suxeito activo: Pertencen a este grupo as previsións dos apartados 1º e 2º do artigo que estamos a tratar, é dicir, que o culpable fose "autoridade, funcionario público, facultativo, traballador social, docente ou educador" e realízase a acción típica no exercicio das súas

²⁸ SEQUEROS SAZATORNIL, F. *op. cit.*, P. 92 e 93.

²⁹ RODRÍGUEZ NÚÑEZ, A. "Tráfico ilegal de drogas", dentro do capítulo "Delitos contra la salud pública" en V.V.A.A. (Lamarca Pérez, Carmen coord.) "Derecho Penal, parte especial", Ed. Colex, 2011, P. 558.

³⁰ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 626 a 628.

funcións e que o delincente participase en actividades organizadas, respectivamente. Ditas organizacións non son só as ilegais, a xuízo de Rodríguez Núñez³¹, o que permitiría incluír “a utilización de empresas con actividade legal”. Tal interpretación choca co criterio da Fiscalía Xeral do Estado, que require que dita organización sexa ilícita³². A esixencia de ilicitude provoca problemas de redundancia respecto ó apartado 369 bis, en opinión de Muñoz Conde³³.

2. Por razón do suxeito pasivo: O apartado 4º é o único integrante desta categoría, e prevé a circunstancia de que o obxecto do delito se facilite a menores, diminuídos psíquicos ou a persoas en proceso de deshabitación. Esta circunstancia poderá aplicarse non só a quen realice a entrega material senón tamén ós seus provedores se pode probarse que coñecían o destino da droga.

3. Por razón do lugar: Os apartados 3º e 7º. O primeiro agrava a pena se a difusión da droga se produce en establecementos abertos ó público polos responsables ou empregados dos mesmos, mentres que o segundo castiga especialmente facer circular a droga en centros docentes, edificios militares, establecementos penitenciarios ou centros de desintoxicación ou nas súas proximidades. No primeiro caso o desvalor da conduta vese agravado polo “uso fraudulento do local cuxa apertura foi autorizada para actividades legais”³⁴, mentres que no segundo atoparíase na vulneración da especial protección das persoas que neles se congregan.

4. Por razón do propio obxecto material da conduta. A Lei recolle o suposto de adulteración que incrementa o risco para a saúde (apartado 6º) e o caso no que a cantidade de xénero sexa “de notoria importancia” (apartado 5º). A expresión de “notoria importancia” fai referencia a un concepto xurídico indeterminado “que debe ser fixado a través da interpretación xudicial, sen que exista unha regra ou criterio ríxido aplicable a calquera suposto, co conseguinte descoido do principio de legalidade”³⁵.

5. Por último, atoparíamos no apartado 8º unha circunstancia referida ó modo de execución da conduta: o emprego da violencia ou a exhibición de armas.

³¹ RODRÍGUEZ NÚÑEZ, A. *op. cit.*, P. 551.

³² Circular FXE 2/2005, de 31 de marzo, apartado I.3.

³³ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 629.

³⁴ RODRÍGUEZ NÚÑEZ, A. *op. cit.*, P. 551.

³⁵ ORTS BERENGUER, E. Apartado “Delitos relativos a las drogas tóxicas, estupefacientes y sustancias psicotrópicas” dentro do capítulo “Delitos contra la seguridad colectiva (II): Delitos contra la salud pública”, en V.V.A.A. (Vives Antón, Tomás S. coord.) “Derecho penal, parte especial”, Ed. Tirant lo Blanch, 2010, P. 613.

10. O artigo 369 bis do Código Penal

Introducido na reforma de 2010, prevé o caso de que o culpable cometa o delito no seo dunha organización delictiva, o que, como xa se dixo antes, resulta redundante respecto á política do Ministerio Fiscal en relación co apartado 2º do artigo 369.

Introduce unha pena autónoma, que para os casos no que o obxecto do delito provoque graves danos á saúde se move nun marco de entre nove a doce anos de privación de liberdade e multa do tanto ó cuádruplo e para os casos nos que a substancia non sexa tan nociva, nun de catro anos e seis meses a dez anos de cárcere e a mesma multa.

O segundo parágrafo do texto castiga especialmente ós xefes de ditas organizacións, previndo para eles as penas superiores en grao ás do parágrafo anterior.

Muñoz Conde critica ferozmente esta modificación, xa que considera "sen dúbida excesiva, sobre todo para as drogas que non causan grave dano á saúde" a agravación das penas, facendo fincapé no establecemento dunha pena autónoma que "non só non parte das penas recollidas no tipo básico, senón que ademais, ó independizarse das cualificacións recollidas no artigo 369, permite que estas funcionen como agravantes no artigo 369 bis".³⁶

Orts Berenguer atopa o fundamento deste precepto, tras analizar a xurisprudencia na materia, na "maior da capacidade de ataque ó ben xurídico que representa" e "nas maiores posibilidades de pervivencia do propósito criminal".³⁷

11. As cualificacións de segundo grao: o artigo 370 do Código Penal

As condutas previstas neste artigo supoñen un incremento das penas do artigo 368 en un ou dous graos.

O apartado 1º procura protexer especialmente ós menores de 18 anos e ós diminuídos psíquicos que sexan utilizados para cometer o delito, fundándose o maior desvalor da conduta, por un lado, na especial vulnerabilidade das persoas que conforman ditos grupos e, por outro, no obstáculo que para a acción da Xustiza representa o emprego delas como instrumento de comisión do ilícito.

O apartado 2º volve a castigar ós xefes das organizacións que se recollen no apartado 2º do artigo 369. De novo atopamos unha certa redundancia punitiva, pois, se como afirma a Fiscalía ditas organizacións son as mesmas que as do artigo 369 bis... que sentido ten prever unha agravación para os seus xefes cando xa o fai o artigo introducido pola LO 5/2010?

O apartado 3º fai referencia ás operacións de narcotráfico que revistan "extrema gravidade", aclarando que é o caso cando a cantidade das substancias obxecto das mesmas excedan notoriamente da considerada como "de notoria importancia" (concepto aínda menos claro se cabe que o introducido no apartado 5º do artigo 369), cando para a conclusión das citadas operacións se empreguen aeronaves ou embarcacións como medio de transporte específico ou se simulen operacións de comercio exterior e cando sexan levadas a cabo por redes de narcotráfico de

³⁶ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 629.

³⁷ ORTS BERENGUER, E. *op. cit.*, P. 615.

carácter internacional. Tamén se inclúen neste apartado os casos en que se dean tres ou máis circunstancias do artigo 369.

No caso de que concorran as circunstancias do apartado 2º ou do 3º impoñerase unha multa do tanto ó triplo ós responsables do ilícito penal.

12. A procura da frustración do proceso produtivo: o delito de tráfico de precursores do artigo 371 do Código Penal

Para comprender a dimensión da persecución penal do narcotráfico é inevitable facer unha breve referencia ó delito de tráfico de precursores, que está intimamente ligado a aquel e non é senón un adianto máis das barreiras de protección da saúde pública, levado a cabo co obxectivo de entorpecer na medida do posible o proceso de fabricación da droga. Considéranse precursores químicos a “toda unha serie de substancias químicas que son necesarias para a elaboración das drogas tóxicas, estupefacientes e psicotrópicos”³⁸.

A regulación como delito autónomo do que *a priori* sería unha serie de actos de “pre-execución” vén dada, en palabras de Sequeros Sazatornil³⁹, “en razón dos fins perseguidos” polo lexislador en materia de drogas, que dotan de transcendencia penal a actos que en principio xa están regulados administrativamente. A diferenza entre o ámbito de actuación dos dous ordenamentos, porén, é nítida: “a normativa administrativa oríéntase a establecer obrigas para os suxeitos implicados nos procesos de elaboración e comercialización destas substancias, co fin de que se asegure o seu destino industrial lícito; a normativa penal sancionaría o efectivo desvío desas substancias á elaboración ilegal das drogas”⁴⁰.

O adianto das barreiras punitivas acompáñase dunha serie de fortes controis administrativos sobre os posuidores de precursores, moitos dos cales son tamén empregados como materias primas para fármacos legais e outros produtos químicos. Tal fiscalización administrativa ten diversas manifestacións, como a necesidade de licenza para manipular e transportar estes produtos, de inscrición nun rexistro público, de etiquetar de forma precisa e estandarizada a mercadoría... A mera infracción desas obrigas administrativas non é constitutiva de delito de tráfico de precursores, senón que para a apreciación desta ofensa é precisa a constatación de que o infractor tiña a vontade de empregar os produtos na elaboración de substancias prohibidas. Ese elemento volitivo recóllese explicitamente no artigo 371.

Ó igual que no caso do delito de tráfico de drogas, o obxecto material non se atopa definido na Lei, sendo necesario acudir “ós cadros I e II da Convención de Nacións Unidas, feita en Viena o 20 de decembro de 1988” atendendo tamén “ós outros produtos que se adicionen ó mesmo ou se inclúan en futuros Convenios da mesma natureza ratificados por España”⁴¹ para determinar que substancias están controladas polo artigo en cuestión. Hai que destacar que non só se pena a posesión de substancias, senón tamén a dos equipos empregados para a súa produción ou transformación, os cales tamén están recollidos nos citados cadros.

³⁸ SÁNCHEZ TOMÁS, J.M. *op. cit.* P. 134.

³⁹ SEQUEROS SAZATORNIL, F. *op. cit.* P. 262 e 263.

⁴⁰ SÁNCHEZ TOMÁS, J.M. *op. cit.*, P. 134

⁴¹ Artigo 317 do Código Penal.

A conduta típica consiste en fabricar, transportar, distribuír, posuír ou comerciar con precursores químicos a sabendas de que se van a empregar para cultivar, producir ou fabricar drogas tóxicas, substancias psicotrópicas ou estupefacientes, sendo castigado este ilícito con penas de prisión de tres a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor dos xéneros ou efectos.

Se o culpable pertence a unha organización criminal destinada ó tráfico de precursores imponse-lle a pena na súa metade superior, ou a pena superior en grao se é un dos xefes, administradores ou encargados da mesma.

13. As inhabilitacións especiais e absolutas en materia de narcotráfico (artigo 372 C.P.)

Este artigo prevé un castigo adicional para os empresarios, intermediarios financeiros, facultativos, funcionarios públicos, traballadores sociais, docentes, educadores e axentes da autoridade que cometan delitos do Capítulo III no exercicio dos seus cargos.

O segundo parágrafo explica que persoas son consideradas "facultativos" a efectos deste artigo. A pena consiste, para todos os suxeitos previstos no parágrafo primeiro, en "inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, industria ou comercio, de tres a dez anos". Para os axentes da autoridade é de inhabilitación absoluta de dez a vinte anos. Estas sancións se engaden a maiores das previstas para a conduta típica do delito en cuestión.

A agravación fundaméntase no feito de que "o autor veu favorecida a comisión do delito polo seu oficio ou profesión".⁴² Se a profesión non ten que ver co delito non cabe a imposición das penas do artigo 372 .

14. Os actos de participación intentada: o artigo 373 C.P.

A provocación, a conspiración e proposición para comete-los delitos previstos nos artigos 368 a 372 se castiga coa pena inferior nun ou dous graos á prevista para a acción típica.

15. O comiso no delito de tráfico de drogas (artigo 374 C.P.)

Este artigo busca frustrar a futura repetición do delito: por un lado, destruindo os medios e instrumentos necesarios para a comisión do mesmo, e, por outro, incautando as ganancias procedentes del. Regula ademais aspectos procesuais como a "cadea de custodia da droga incautada".

O seu alcance é descrito por Molina Mansilla⁴³, tralo estudo de varias sentenzas, como "omnicomprensivo". Deste modo, o artigo 374 C.P. daría lugar á incautación non só da droga en si senón tamén dos precursores químicos, dos equipos materiais obxecto do delito do artigo 371, dos bens, medios e instrumentos que serviran para a preparación ou execución do delito e das ganancias obtidas deste.

⁴² STS de 11 de outubro de 1990.

⁴³ MOLINA MANSILLA, M^a Del C. *op. cit.*, P. 239 e 240.

Deste artigo hai que destacar o seu apartado 3º, que permite o comiso das ganancias aínda que fosen transmitidas, sendo posible que os xuíces acorden en sentenza a nulidade dos negocios xurídicos polos que se tivera transmitido, gravado ou modificado a súa titularidade real. Muñoz Conde⁴⁴ considera de difícil aplicación este apartado por mor da "transformación xurídica da titularidade e o respecto dos dereitos de terceiros non responsables do delito, así como as dificultades para probar que determinados bens ou negocios proceden destas ganancias".

16. A reincidencia internacional: o artigo 375 do C.P.

As sentenzas dos tribunais estranxeiros teranse en conta á hora de valora-la reincidencia do reo, salvo que o antecedente penal teña sido cancelado ou poida selo de acordo co noso Dereito. A previsión lexislativa, que segue a tradición dos delitos de fabricación de moeda e dos relativos á prostitución, é tremendamente acertada dado o carácter internacional do mercado da droga. A situación particular de España, milenaria ponte entre Europa e África e encrucillada entre o Océano Atlántico e o *Mare Nostrum*, fai singularmente importante a coordinación dos nosos esforzos cos dos tribunais dos demais Estados co obxectivo de perseguir de forma eficiente a lacra do narcotráfico.

17. A atenuación da pena para colaboradores e drogodependentes: o artigo 376 C.P.

O precepto que estamos a tratar establece dúas medidas de política criminal que teñen como obxectivo premiar o cese das actividades delictivas por parte do reo:

O primeiro apartado atenúa a pena para os delincuentes que, formando parte dunha organización dedicada ao narcotráfico, abandonan voluntariamente ditas actividades e colaboran activamente para frustra-la comisión do ilícito ou as actividades do grupo, ou axudan a conseguir probas decisivas contra os seus antigos camaradas. Explica Sánchez Tomás que a referencia a que as probas sexan decisivas "non é a que sexan determinantes no proceso xudicial, o que queda fóra do control, senón á identificación e captura dos outros participantes".⁴⁵

O segundo refírese ós casos nos que o traficante é tamén consumidor e acredita suficientemente que finalizou con éxito un tratamento de desintoxicación. Esta atenuante, que ten como fin favorecer a rehabilitación do reo e premiar os seus esforzos por saír do mundo da droga, non é de aplicación se a cantidade de material por cuxo tráfico foi condenado era de notoria importancia ou extrema gravidade. Está concibida para "o que se chamou o delincuente funcional, isto é, aquel que trafica para consumir."⁴⁶ Precisamente por este motivo, Molina Mansilla considérao, facéndose eco doutras posicións doutrinarias, "inaplicable na práctica" porque este tipo de delitos a pequena escala se tramita polos denominados xuízos rápidos, o que fai "moi difícil que o suxeito poida acreditar fehacientemente a súa deshabitución antes da ocorrencia da sentenza".⁴⁷

⁴⁴ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 633 e 634.

⁴⁵ SÁNCHEZ TOMÁS, J.M. *op.cit.*, P. 129.

⁴⁶ STS de 25 de xuño de 2007.

⁴⁷ MOLINA MANSILLA, M^a Del C. *op.cit.*, P. 260.

18. As consecuencias económicas do delito de tráfico de drogas: os artigos 377 e 378

O primeiro destes preceptos explica a determinación das penas de multa das que tantas veces se falou neste artigo. O seu montante sería o valor final da droga no mercado, que é o estimado pola Oficina Central Nacional de Estupefacientes (OCNE) no informe semestral que elabora en colaboración coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, ou, no seu caso, a ganancia que obtivo o reo ou que puidera ter obtido. Muñoz Conde explica esta configuración da pena como "unha confiscación ou privación das vantaxes económicas conseguidas ilicitamente".⁴⁸

O segundo dos artigos obxecto deste apartado é o referido á distribución dos pagos a satisfacer co importe da responsabilidade civil derivada do delito. A orde de prelación é a seguinte:

1. Reparación do dano causado e indemnización de prexuízos.
2. Indemnización dos gastos que realízase o Estado para perseguir e castigar o delito cometido polo reo.
3. Multa nacida do ilícito.
4. Costas do acusador particular ou privado cando así se impoña na sentenza.
5. Demais costas procesuais, incluso as de defensa do procesado, sen preferencia entre os interesados.

19. O eterno debate: legalización ou prohibición?

Nun artigo que ten como tema o tráfico de estupefacientes é imposible obviar a gran pregunta: debería legalizarse o comercio de drogas? A cuestión fixo correr ríos de tinta dentro e fóra dos círculos académicos, e o ano pasado cobrou novo vigor coa admisión da comercialización do cannabis para uso recreativo en Uruguai. En palabras de Sánchez Tomás, "a principal polémica preséntase na diversidade de obxectivos: por un lado, a total erradicación das drogas -a cruzada contra as drogas- e, por outro, o seu redimensionamento a través da asunción dunha convivencia coas drogas dentro duns marxes de custos sociais asumibles".⁴⁹

Así, os partidarios da prohibición penal absoluta entenden que o único camiño a seguir é o refinamento das políticas persecutorias, mentres que os seus adversarios entenden a política prohibicionista como un fracaso, esixindo alternativas máis eficaces e que impliquen unha menor marxinalización social dos consumidores.

Os defensores da política restritiva en materia de drogas aducen motivos de corte sanitario (non en van o delito de tráfico de drogas ten como finalidade a protección da saúde pública), económico, ético-social e de seguridade.

Así, considérase o consumo de drogas como un hábito prexudicial, non só para a saúde individual senón tamén para a da colectividade, que, a longo prazo, pode danar seriamente a produtividade dun país. Neste sentido basta recordar os estragos que no século XIX causou o consumo descontrolado de opiáceos entre a

⁴⁸ MUÑOZ CONDE, F. *op. cit.*, P. 635.

⁴⁹ SÁNCHEZ TOMÁS, J.M. *op. cit.*, P. 43.

poboación china. Os motivos éticos non se vinculan só á moral de determinadas relixións⁵⁰ senón tamén a filosofías laicas, como demostra a preocupación que, xa no século XIX, aflixía os membros do movemento obreiro respecto ó impedimento que representaba para a loita de clases o uso recreativo e evasivo dos estupefacientes por parte dos asalariados.

En canto á seguridade pública, cómpre lembrar as afirmacións dos estudosos que entendían dito ben xurídico como fundamento da persecución penal do narcotráfico. A este respecto, porén, non se poden considerar as organizacións criminais que se dedican a estas actividades, posto que a súa existencia non debe tanto ó consumo de drogas como á prohibición deste.

No bando dos partidarios da despenalización atopamos a aqueles que critican a ineficacia da persecución do mercadeo de substancias prohibidas, a exclusión social que provoca e o compoñente moralizante que a impregna⁵¹. Non son tampouco infrecuentes as voces que claman contra a arbitrariedade da interdicción dalgunhas substancias cuxa nocividade é discutida nos círculos científicos, opoñéndoa á autorización da distribución de substancias manifestamente velenosas como o tabaco ou o alcol, considerándoa unha grave incongruencia normativa. Hai incluso tendencias que entenden que a prohibición do consumo das substancias obxecto do presente traballo é unha manifestación intolerable de paternalismo estatal.

Visto este brevísimo resumo das dúas posturas, parece que o máis prudente é optar por unha vía intermedia, pois ningunha das dúas tendencias debe ser rexeitada de plano. Se ben o problema das drogas é unha seria ameaza para a saúde pública, tamén é certo que non todas as substancias recollidas nos Convenios a afectan da mesma maneira, polo que sería aconsellable debater a procedencia da ilegalización de cada unha delas en base a este criterio.

Partindo da base de que a saúde individual é patrimonio inalienable de cada persoa, e de que o Estado non debe arrogarse facultade de decisión algunha ó respecto, o motivo lóxico de persecución do narcotráfico sería o risco que cada substancia en particular presenta para a saúde pública, obrigando a discriminar entre as drogas máis danosas para o conxunto de cidadáns e as relativamente inocuas co emprego para elo de criterios unicamente científicos.

Pero, aínda que a configuración actual do delito de tráfico de drogas signifique que este ten como obxectivo protexer o ben xurídico "saúde pública", non hai que perder de vista que as substancias máis aditivas son tan perigosas para a liberdade individual como para a saúde, como recoñece o propio lexislador coa contemplación da atenuante do artigo 21.2 C.P. Nese sentido, cómpre examinar se unha determinada substancia é tan aditiva como para xustificar a súa interdicción en base á anulación da vontade do suxeito que acompaña ó síndrome de abstinencia. Aínda

⁵⁰ Arana Berastegui vincula á "gran influencia dos grupos relixiosos puritanos" nos Estados Unidos de América o impulso da persecución internacional do tráfico de drogas que tivo lugar a principios do século XX, do cal o citado país foi o principal impulsor. Para máis información, *op. cit.*, P. 29.

⁵¹ Arana Berastegui, citando a Jervis, explica que nas tendencias prohibicionistas conviven un "rexeitamento irracional e virtuoso" e "outro compoñente psicolóxico, aparentemente máis liberal e tolerante, pero que, en realidade, desemboca nos mesmos resultados: os do paternalismo humanitario". *Op. cit.*, P. 305.

que este razoamento poida ser tildado de paternalista, o certo é que a capacidade de decisión das persoas acerca da súa saúde individual ten como requisito indispensable que o seu xuízo non se atope turbado, condición que evidentemente se incumpre nos casos das substancias obxecto do citado precepto. Por este motivo, o Dereito non debe tolerar a comercialización de substancias que, a maiores de ser prexudiciais para a saúde, *obrigan* ós seus consumidores a administrarse dose tras dose.

Non hai que esquecer, ademais, que o mercado negro da droga xera importantes riscos para a seguridade pública, e que a despenalización controlada⁵² das substancias menos danosas para a saúde pública e a liberdade individual significaría un grandísimo golpe ós intereses económicos desas mafias, co conseguinte descenso da criminalidade.

En definitiva, a decisión de que substancias autorizar e cales perseguir debe ser tomada, con criterios exclusivamente científicos, en base ó seu grao de ameaza para a sanidade pública (non para a individual, pois esa é patrimonio de cada un) e, sobre todo, ó seu factor de adicción, pois nun Estado social e democrático de Dereito a liberdade individual é un dos valores cardinais.

20. Bibliografía

- BELTRÁN BALLESTER, E. "El tráfico y consumo de drogas tóxicas y estupefacientes en la legislación histórica española" en V.V.A.A. (Manuel Cobo del Rosal, coord.), "Delitos contra la salud pública. Tráfico ilegal de drogas tóxicas o estupefacientes" Colección de Estudios del Instituto de Criminología y Departamento de Derecho Penal de la Universidad de Valencia, 1977. ISBN: 84-370-0021-1.
- PRIETO RODRÍGUEZ, J.I. "El delito de tráfico y el consumo de drogas en el ordenamiento jurídico penal español", Ed. Aranzadi, 1993, ISBN 84-7016-797-9.
- MOLINA MANSILLA, M^a del C. "Evolución de la normativa española en materia de tráfico de drogas durante el siglo XIX" en "Anuario de la Facultad de Derecho", publicación electrónica, 2006, ISSN-e 1697-5723, ISSN 1888-3214.
- ARANA BERAATEGUI, X. "Drogas, legislaciones y alternativas", Ed. Gakoa, 2012, ISBN 978-84-96993-33-4.
- MUÑOZ CONDE, F. "Derecho Penal, parte especial", Ed. Tirant lo Blanch, 2013, ISBN 978-84-9053-444-1.
- SEQUEROS SAZATORNIL, F. "El tráfico de drogas ante el ordenamiento jurídico", Ed. La Ley, 2000 ISBN 84-7695-721-1.
- SÁNCHEZ TOMÁS, J.M. "Derecho de las drogas y las drogodependencias, Ed. FAD (Fundación de Ayuda contra la Drogadicción), 2002, Depósito Legal M-46769-2002.

⁵² Sánchez Tomás distingue entre "despenalización", é dicir, que a distribución das substancias non se persiga penalmente senón que se someta a unha serie de controis administrativos como os medicamentos, o alcol e o tabaco, e "liberalización", ou eliminación de todo tipo de control institucional. *Op. cit.*, P. 44.

- MOLINA MANSILLA, M^a del C. "El delito de narcotráfico", Ed. Bosch, 2008, ISBN 978-84-9790-392-9.
- GRANADOS PÉREZ, C. "Jurisprudencia del Tribunal Supremo sobre el delito de tráfico de drogas", Ed. La Ley, 2007, ISBN 978-84-9725-735-0.
- RODRÍGUEZ NÚÑEZ, A. "Tráfico ilegal de drogas", dentro do capítulo "Delitos contra la salud pública" en V.V.A.A. (Lamarca Pérez, Carmen coord.) "Derecho Penal, parte especial", Ed. Colex, 2011, ISBN 978-84-8342-303-5.
- ORTS BERENGUER, E. Apartado "Delitos relativos a las drogas tóxicas, estupefacientes y sustancias psicotrópicas" dentro do capítulo "Delitos contra la seguridad colectiva (II): Delitos contra la salud pública", en V.V.A.A. (Vives Antón, Tomás S. coord.) "Derecho penal, parte especial", Ed. Tirant lo Blanch, 2010, ISBN 978-84-9876-955-5.